

“Día da Ciencia”

Día 19 de novembro



Ligando o **PDI** deste ano “*E tí que pintas*” e a **Semana da Ciencia**, queremos experimentar coa arte e explorar a relación entre ambas.

A ciencia non só está nos laboratorios, senón tamén nas cores, na música e na creatividade.

Moitas veces pensamos que a **ciencia e a arte** son cousas moi diferentes: a ciencia busca coñecer como funciona o mundo, e a arte busca expresar o que sentimos. Pero se o pensamos ben, **as dúas teñen moito en común**.

Tanto na arte como na ciencia, **é importante observar, imaxinar e experimentar**. Unha persoa científica observa a natureza para facer descubrimentos, e unha persoa artista observa o que a rodea para crear algo novo. As dúas necesitan **curiosidade e creatividade**.

Por exemplo, Leonardo da Vinci foi un gran exemplo de unión entre arte e ciencia: estudaba o corpo humano para entender como se movía e, grazas a iso, facía debuxos e pinturas cheas de vida e realismo.

Hoxe, tamén podemos ver esa unión en moitos lugares: na fotografía, no cine, no deseño, na arquitectura e mesmo nos videoxogos. A **CIENCIA** dálle á arte novas ferramentas, e a **ARTE** axuda á ciencia a ser máis fermosa e comprensible.

Así que nesta semana especial, recordemos que **a ciencia e a arte son dúas formas de mirar o mundo**, dúas linguaxes que se xuntan para axudarnos a **soñar, crear e aprender**.

Porque cando a ciencia e a arte camiñan da man...

✨ *¡O coñecemento convértese en maxia!* ✨